

Nuez

e

duardo Estévez, de quen leramos no seu momento *Só paxaros saíron desta boca* (1998) é un poeta que escribe 'fácil', quero dicir con sobranceira facilidade, facendo doado o que outros autores nin conseguen nin conseguirán nunca; acadar a comunicabilidade a partir de mínimos, de mínimos léxicos xa se entende, que o concepto é algo polo que Eduardo Estévez circula con amplitude e morosidade. Pertence Eduardo Estévez, que naceu en Bos Aires en 1969, a ese grupo de poetas galegos (Tosar, Candeira, el mesmo) nados na emigración, e iso é algo que sinala unha impronta nas súas obras; en Candeira nomeadamente, en Tosar nalgún poema concreto. Eduardo Estévez, a maior abondamento, publicou o seu primeiro libro en Arxentina e presumiblemente, o título é *Catedrales de perfil*, en español. *Lúa gris*, o libro que agora teño diante miña, posúe alusións claramente bonaerenses, pero é que ademais a lúa que aquí aparece ten moito (ten o seu aquel) de porteña. Falar a estas alturas da lúa, e darlle unha tonalidade gris é todo un acerto, ten moito de risco. Porque se hai

algo de cebado, maiormente polos modernistas, é o noso satélite, ra botar unha ollada tenra e dura, agridoce xa que logo, sobre unha casa deshabitada agora que nunca volverá ser súa. Así o satélite orfo viaxará en paralelo coa alma triste e soa, tamén gris, que fica abaixo. Desta maneira, eis ao meu entender o meirande achado deste libro, Estévez funde os dous tempos da viaxe nun só. Unha viaxe fonda, poderosa, dorida pero tamén irónica. Moito. Neste sentido o poema que comeza *Podería dicir* é unha boa mostra de cómo tomar as cousas serias —por exemplo o amor— con ánimo certamente festivo. Porque a fondura erótica neste poema non pasa de ser unha ilusión, xa que "en realidade / pasaches ao meu carón pola rúa / sen me ollar sequera".

Falaba de mínimos para definir a poética de Eduardo Estévez, semellante á de Rafa Villar en *Casa ou sombra*, e efectivamente os seus poemas son breves cando non brevísimos. Poesía silandeira e fragmentalista, poesía delicada como un golpe de lúa, poesía feita para a complicidade visual, para quen viaxa sen facer ruído, e na que todo fica moi claro; pola temática, pola tenrura cromática que aquí se deixa ver. Catro son as seccións de *Lúa gris*: *Palermo*, *Coghlan*, *Distancias* e *Soidade*, unidas por un anseio de comunicación que ao cabo resulta problemática e un chisco labiríntica. Deste xeito resulta un acerto de Estévez reducir os seus poemas a unha nuez elemental, elemental pero sen dúbida alambicada. Ocorre tamén que Eduardo Estévez fala un momento, no remate do libro, no intre decisivo de sons "xordos deste exilio / no meu propio país". Porque, e este é o berro silandeiro, pero desolado e derradeiro. "Xa non podo nin falar / coa soa lingua que é de meu / seca e muda".

**Eduardo Estévez
sóbe á lúa no
seu último
poemario, titulado
'Lúa gris'. Sóbese
nos seus cornos
para botar unha
ollada tenra e
dura, agridoce
xa que logo,
sobre unha casa
deshabitada
agora que
nunca volverá
ser súa**



VICENTE ARAGUAS